

I CONGRESO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA



C I R C U L A R - 2

ASUNTO: STAND PARA CLUBS, FEDERACIÓNS E CASAS COMERCIAIS

Durante a celebración do Congreso, os días 14 (sábado) e 15 (Domingo, de 10 ás 12 horas), a organización do mesmo facilitará gratuitamente aos Expositores: Clubs, Federacións e Casas Comerciais, que previamente o soliciten por escrito, o espazo e material necesario para montar un Stand dentro das instalacións da sede.

O Stand constará como mínimo dunha mesa-taboleiro (2 x 0.90m), con dous soportes, dúas cadeiras e un panel con cabaleta das mesmas medidas que a mesa-taboleiro. No caso de que fose posible, poderíase ceder mais material e espazo para aquelas entidades que o precisen.

Todas as solicitudes teñen que ser cursadas antes do 10 de Setembro, ao Secretario do I Congreso Galego de Espeleoloxía (I C.G.E.) - Apartado Correos, 448 -15080 A Coruña

As Casas Comerciais deberán ofrecer a todos os participantes do Congreso un “desconto especial” en todo o material e publicacións que oferten.

Cada expositor será o responsable do control do seu Stand e nomeará unha persoa que se fará cargo do mesmo, respectándose os horarios establecidos pola organización para a apertura e o peche.

A montaxe do Stand farase na tarde do día 13 de Outubro antes das 19,30 horas, e a desmontaxe ao mediodía do Domingo día 15 despois da clausura do I C.G.E.

A Comisión Organizadora

www.espeleoloxía.org

congreso@espeleoloxía.org



13,14 e 15 de Outubro de 2006 - O Barco de Valdeorras (Ourense)

